

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 3 DE  
DECEMBRO DE 2012. Nº 14/2012.**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

**CONCELLEIROS:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)  
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)  
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)  
D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO (P.P.)  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)  
D<sup>a</sup>. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)  
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)  
D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)  
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)  
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)  
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)  
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA XERAL:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

## **INDICE:**

1.	Aprobación da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.	Resolucións da Alcaldía: dación de conta.....	páx. 3
3.	Expediente de levantamento de límites de gastos plurianuais para a obra “Acondicionamento e mellora da accesibilidade da praia fluvial Pozo do Boi en Vilatuxe” .....	páx. 5
4.	Expediente de declaración de non dispoñibilidade de créditos núm. 3.....	páx. 6
5.	Expediente de aprobación do límite de gasto non financeiro.....	páx. 9
6.	Expediente dos Orzamentos Xerais para o ano 2013.....	páx. 10
7.	Comparecencia do Sr. Alcalde-Presidente.....	páx. 15
8.	Moción conxunta dos grupos políticos municipais PSdeG-PSOE, BNG e PGD.....	páx. 16
9.	Moción do PSdeG-PSOE.....	páx. 18
10.	Mocións do BNG.....	páx. 19
	10.1. Moción do BNG.....	páx. 19
	10.2.-Moción do BNG.....	páx. 21
11.	Moción do PGD.....	páx. 22
12.	Rogos e Preguntas.....	páx. 22



Sendo as dez horas do día 3 de decembro de 2012, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. José Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*; e a Interventora Xeral D<sup>a</sup>. *Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do 29 de outubro de 2012. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulle aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren ás mesmas.

Non habéndoa por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de outubro de 2012, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

### **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-**

### **3.- EXPEDIENTE DE LEVANTAMENTO DE LÍMITES DE GASTOS PLURIANUAIS PARA A OBRA “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA PRAIA FLUVIAL POZO DO BOI EN VILATUXE”.**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* leou o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 29 de novembro de 2012.

Xa na rolda de intervencións, *D. Manuel Gómez Estévez*, edil de Facenda, explicou o obxectivo deste expediente, que era alterar o réxime normal de gastos fixado na normativa estatal dun expediente plurianual para unha concreta, que neste caso era a praia de Vilatuxe. As normas esixían que cando o financiamento difería, debía adoptarse un acordo plenario.

Polo grupo socialista, *D. Manuel María González Aller*, dixo que non había un proxecto da obra, aínda que estaban de acordo en acometer esta mellora no dito lugar, e estaba de acordo. Pediu explicacións xa que constaba unha cifra de 24.000 € e logo se apartaba nos orzamentos 98.000 . Por isto estaba en desacordo co expediente

A Sr<sup>a</sup>. Interventora, *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*, deu as explicacións oportunas.

Desde o BNG *D. Xesús Cordeiro Budiño* adiantou o voto positivo do seu grupo.

Tamén *D. Camilo Conde López*, concelleiro do PGD, manifestou que votaría a favor.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, vinte e un concelleiros, que inclúe catorce do PP, catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un PGD.

Xa que logo, **aprobo**use a proposta do Sr. Concelleiro delegado de Facenda, do seguinte tenor:

Ó abeiro da Resolución de 9 de abril de 2012 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia promovidos por concellos e mancomunidades de concellos cofinanciadas co fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia concedeu a este Concello unha axuda por importe de 110.287,16 € (53.378,99 € no ano 2012 e 56.908,17€ no ano 2013) correspondente ó 72,4% do presuposto da obra subvencionada “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA PRAIA FLUVIAL POZO DO BOI EN VILATUXE” que ascende a un total de 152.337,28 €, dos que está previsto executar con cargo ó presente exercicio 73.731,25 € e para o exercicio 2013 o importe de 78.606,03 €.

Por outra banda a urxencia deste expediente está baseada na necesidade de ter iniciada a contratación no exercicio 2012, para poder ter a obra realizada antes do prazo necesario para a xustificación, que é o 30 de xuño do 2013. Tendo en conta que a parte que ten que aportar o Concello no 2012, está suxeita a unha modificación de crédito, cuxo prazo de exposición ó público rematou o 20 de novembro, sen embargo a publicación do anuncio de aprobación definitiva fíxose o 28 de novembro, de aí que non se puidera introducir este expediente na convocatoria de pleno e se meta por urxencia en comisións informativas.

Segundo a citada resolución, a actuación a realizar distribúese por anualidades segundo o seguinte cadro de financiamento:

<b>ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA PRAIA FLUVIAL POZO DO BOI EN VILATUXE</b>			
	Anualidade 2012	Anualidade 2013	TOTAL
Subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	53.378,99 €	56.908,17 €	110.287,16 €
Achega Concello	20.352,26 €	21.697,86 €	42.050,12 €
<b>TOTAL</b>	<b>73.731,25 €</b>	<b>78.606,03 €</b>	<b>152.337,28 €</b>

Á vista do financiamento plurianual dos investimentos subvencionados neste Proxecto, que supera os límites que para os gasto plurianuais establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e visto o informe emitido para o efecto pola Intervención municipal,

**O Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro:** Levantar os límites establecidos para os gastos plurianuais no artigo 174.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais respecto da obra “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA PRAIA FLUVIAL POZO DO BOI

EN VILATUXE” para adecualos á distribución por anualidades aprobada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, segundo o cadro de financiamento do investimento recollido nesta proposta.

**Segundo:** Aprobar a actuación da obra “Acondicionamento e mellora da accesibilidade da Praia Fluvial Pozo do Boi en Vilatuxe”, segundo a distribución de anualidades fixada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia na resolución pola que se concede a este Concello unha subvención correspondente ó 72,40% do investimento subvencionable.

#### **4.- EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS NÚM.**

##### **3.**

A **Presidencia** deu conta deste expediente. De seguido o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 29 de novembro de 2012.

Expoñendo a proposta o edil delegado de Facenda, **D. Manuel Gómez Estévez** explicou que o expediente incluía o acordo de non dispoñer dos cartos referentes á paga extra de Nadal do persoal funcionario e laboral do Concello de Lalín no marco da normativa do Estado sobre a política de estabilidade orzamentaria aprobada polo Goberno central.

Por parte do grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** dixo estar en desacordo coa adopción desta medida que supuña quitarlle a todo o persoal público, funcionario e laboral unha paga extraordinaria, a pesar de que o traballo a realizar seguiría sendo o mesmo e de ser unha medida excepcional. Por elo pediu ao Sr. Presidente e aos edís que votasen en conciencia esta proposta, ou este capricho, e estudasen o tema como o estaban a facer outras institucións, en concreto as CC.AA Vasca, Extremadura e Navarra e outros concellos, o modo de compensar o seu importe en complemento de produtividade. Insistiu en que se votase en conciencia se os funcionarios merecían ser castigados con esa medida.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que tamén o BNG estaba en contra desta medida, lembrando que xa houbo unha moción presentada polo BNG contra esta norma que se rexeitou nunha sesión plenaria anterior. Entendía que isto era unha cuestión de conciencia, porque se quitaba unha paga, unha parte do soldo a este colectivo e sen contrapartidas. Pediu tamén que se estudase a forma de compensar esta perda, como podía ser co complemento de produtividade. En resumo estaban en contra, e parecíalles “sangrante” a medida acordada.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** tamén indicou que en parte estaba de acordo coa proposta e en parte non. Non se trataba de pasar por riba das normas como parecía que ían facer outras administracións, algo insólito e insolidario. Pero estaba en desacordo porque só afectaba ao persoal e non ía acompañada doutras medidas.

Rematou o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, rexeitando a petición do voto en conciencia pedido pola oposición, sinalando que no ano 2010 cando o goberno socialista acordou a primeira rebaixa dos soldos dos empregados público, o grupo en cuestión non pediu ao Pleno esta mesma clase de votación. Doutra banda, entendía que se era unha norma de obrigado cumprimento, non comprendía o sentido deste acordo, porque non cabía outra opción, non había máis remedio e parece que non bastaba a norma.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* catorce (14) do PP.

*Votos en contra:* sete (7), sendo catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

*Abstencións:* ningunha.

En consecuencia, **aprobose a proposta da Alcaldía, na que expón que:**

Dentro das medidas extraordinarias adoptadas polo Goberno para a redución do déficit público, o Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade suprimiu durante o ano 2012 a paga extraordinaria do mes de decembro e a paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do mes de decembro.

Como medida de solidariedade e exemplo para o resto de persoal que traballa neste Concello, en virtude da moción presentada por esta Alcaldía, o Pleno da Corporación Municipal de Lalín en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2012 acordou suprimir para o ano 2012 a paga extraordinaria do mes de decembro dos membros da corporación con dedicación exclusiva.

No orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2012 dotouse o crédito preciso para facer fronte aos gastos de persoal ao servizo da Corporación, conforme as previsións que en materia de retribucións do persoal recolleu o Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, así como a Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2012, segundo os cales as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderían experimentar ningún incremento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2011. Non obstante, como consecuencia da supresión durante o ano 2012, polo Real Decreto-Lei 20/2012, da paga extraordinaria do mes de decembro e a paga adicional do complemento específico para todo o persoal do sector público, non se podería dispoñer da cantidade de 173.464,86 €, a que ascende o importe da referida paga do mes de decembro de todo o persoal ao servizo deste concello, incluídas a contía correspondente á paga extra dos concelleiros con dedicación exclusiva ás que se renunciou segundo acordo do Pleno da corporación en sesión celebrada o 30 de xullo de 2012.

**Xa que logo, o PLENO DA CORPORACIÓN acordou:**

**A declaración de non dispoñibilidade do importe de 173.464,86 € do crédito das seguintes aplicacións orzamentarias do Orzamento municipal para o exercicio 2012:**

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación da aplicación</u>	<u>Importe non dispoñible</u>
132.120.01	Seguridade e orde pública. Salario básico funcionarios Gr.A2	699,38
132.120.03	Seguridade e orde pública. Salario básico funcionarios Gr.C1	9.334,50
132.120.06	Seguridade e orde pública. Trienios	1.713,78
132.121.00	Seguridade e orde pública. Complemento de destino	6.894,96
132.121.01	Seguridade e orde pública. Complemento específico	7.693,39
132.131.00	Seguridade e orde pública. Laboral temporal, retribucións	1.716,11
134.130.00	Protección Civil. Laboral fixo, retribucións básicas	2.078,10
134.130.02	Protección Civil. Laboral fixo, outras remuneracións	2.544,07
134.131.00	Protección Civil. Laboral temporal, retribucións	9.914,22
151.120.00	Urbanismo. Salario básico funcionarios Grupo A1	684,36
151.120.01	Urbanismo. Salario básico funcionarios Grupo A2	2.098,14
151.120.03	Urbanismo. Salario básico funcionarios Grupo C1	1.866,90
151.120.04	Urbanismo. Salario básico funcionarios Grupo C2	1.187,58
151.120.06	Urbanismo. Trienios	1.102,28
151.121.00	Urbanismo. Complemento de destino	4.670,30
151.121.01	Urbanismo. Complemento específico	5.387,43
155.120.01	Vías públicas. Salario básico funcionarios Grupo A2	699,38
155.120.04	Vías públicas. Salario básico funcionarios Grupo C2	593,79
155.120.05	Vías públicas. Salario básico funcionarios Agrup. profesionais	1.645,41
155.120.06	Vías públicas. Trienios	627,30
155.121.00	Vías públicas. Complemento de destino	1.906,81
155.121.01	Vías públicas. Complemento específico	2.434,77
155.130.00	Vías públicas. Laboral fixo, retribucións básica	615,82
155.130.02	Vías públicas. Laboral fixo, outras remuneracións	632,06
155.131.00	Vías públicas. Laboral temporal, retribucións	1.384,32
231.120.04	Acción social. Salario básico funcionarios Grupo C2	593,79

231.120.06	Acción social. Trienios	17,73
231.121.00	Acción social. Complemento de destino	349,93
231.121.01	Acción social. Complemento específico	230,59
231.130.00	Acción social. Laboral fixo, retribucións básicas	1.791,52
231.130.02	Acción social. Laboral fixo, outras remuneracións	2.606,89
231.131.00	Acción social. Laboral temporal, retribucións	4.148,15
232.131.00	Promoción social. Laboral temporal, retribucións	9.809,31
241.130.00	Promoción do emprego. Laboral fixo, retribucións básicas	699,38
241.130.02	Promoción do emprego. Laboral fixo, outras remuneracións	1.269,63
241.131.00	Promoción do emprego. Laboral temporal, retribucións	5.412,60
332.120.03	Bibliotecas e arquivos. Salario básico funcionarios Grupo C1	622,30
332.120.06	Bibliotecas e arquivos. Trienios	68,19
332.121.00	Bibliotecas e arquivos. Complemento de destino	439,70
332.121.01	Bibliotecas e arquivos. Complemento específico	366,85
334.130.00	Promoción cultural. Laboral fixo, retribucións básicas	2.863,34
334.130.02	Promoción cultural. Laboral fixo, outras remuneracións	3.042,63
341.130.00	Promoción e fomento do deporte. Laboral fixo, retribuc. básicas	2.649,67
341.130.02	Promoción e fomento do deporte. Laboral fixo, outras remunerac.	2.655,13
341.131.00	Promoción e fomento do deporte. Laboral temporal, retribucións	2.563,80
419.120.01	Agricultura, gandería e pesca. Salario básico funcionarios Gr.A2	1.398,76
419.120.06	Agricultura, gandería e pesca. Trienios	228,15
419.121.00	Agricultura, gandería e pesca. Complemento de destino	1.238,94
419.121.01	Agricultura, gandería e pesca. Complemento específico	1.446,44
419.131.00	Agricultura, gandería e pesca. Laboral temporal, retribucións	1.456,32
912.100.00	Órganos de goberno. Retribucións básicas órganos de goberno	5.777,56
912.110.00	Órganos de goberno. Retribucións básicas persoal eventual	2.947,92
912.110.01	Órganos de goberno. Retribuc. complementarias pers. eventual	4.852,67
912.120.03	Órganos de goberno. Salario básico funcionarios Grupo C1	622,30
912.120.06	Órganos de goberno. Trienios	121,38
912.121.00	Órganos de goberno. Complemento de destino	509,84
912.121.01	Órganos de goberno. Complemento específico	1.394,02
912.130.00	Órganos de goberno. Laboral fixo, retribucións básicas	775,43
912.130.02	Órganos de goberno. Laboral fixo, outras remuneracións	1.322,03
920.120.00	Administración xeral. Salario básico funcionarios Grupo A1	684,36
920.120.03	Administración xeral. Salario básico funcionarios Grupo C1	1.866,90
920.120.04	Administración xeral. Salario básico funcionarios Grupo C2	1.187,58
920.120.05	Administración xeral. Salario básico funcionarios Agrup. Profes.	548,47
920.120.06	Administración xeral. Trienios	1.105,18
920.121.00	Administración xeral. Complemento de destino	3.362,86
920.121.01	Administración xeral. Complemento específico	3.929,30
920.130.00	Administración xeral. Laboral fixo, retribucións básicas	2.520,69
920.130.02	Administración xeral. Laboral fixo, outras remuneracións	2.404,09
920.131.00	Administración xeral. Laboral temporal, retribucións	3.468,00
931.120.00	Política económica e fiscal. Salario básico funcionarios Gr. A1	2.737,44
931.120.03	Política económica e fiscal. Salario básico funcionarios Gr. C1	1.244,60
931.120.06	Política económica e fiscal. Trienios	566,78
931.121.00	Política económica e fiscal. Complemento de destino	4.272,25
931.121.01	Política económica e fiscal. Complemento específico	7.148,31

## **5.- EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO.**

Deuse conta pola Presidencia deste expediente que inclúe a proposta da Alcaldía-Presidencia. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 29 de novembro de 2012.

Interveu a *Sra. Interventora Xeral* para aclarar que o procedemento para establecer estes límites nos gastos era complicado. Había que partir da recadación líquida, é dicir, efectivamente recadada, excluindo os gastos finalistas e logo chegar mediante unha fórmula complexa a este dato.

No turno explicativo o edil delegado de área, **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que este expediente referíase ao cumprimento da obriga imposta por lei de establecer un tope de gasto nos orzamentos. Con elo, o orzamento municipal limitaríase a dita cantidade.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller**, adiantou que este acordo adoptábase por imperativo legal, o mesmo que outros temas anteriores. Eles votarían en contra da proposta, aínda que consideraban que era necesario levar un control do gasto público. Pero entendían que había gastos necesarios que non podían limitarse como o era por exemplo un plan de saneamento para todo o medio rural de obras e actividades.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias** entendía que esta medida que se ía adoptar beneficiaría á oposición, e prexudicaría ao goberno, porque lle impedía acometer obras e servizos. Non entendía pois a postura dos ditos grupos. Tampouco entendía que sendo acordos obrigatorios se tivera que acordar, xa que non cabía outra opción ao goberno municipal.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** coidaba que houbo unha claudicación da Fegamp neste e noutros temas. As noticias de prensa non eran boas e esta tampouco. Había pois unha inxerencia do poder central nas competencias das corporacións locais e por isto absteríanse, aínda que tamén comprendía que debía evitarse o despilfarro dos fondos públicos.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** partía de que era necesario contar con mecanismos de control, pero tamén coidaba que era unha imposición e non sería un mecanismo completo para frear nin controlar o gasto. Absteríase.

Rematou o debate o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmando que na situación actual da economía era necesario contar con mecanismos como este, xa que o Estado estaba a punto de ir á quebra, e pensaba que o *Sr. Rajoy Brey*, Presidente do Goberno Central, non tomaría esta medida, coñecéndoo como o coñecía. Lembrou que esta situación se debía á herdanza económica desastrosa que deixou ó seu paso o *Sr. Rodríguez Zapatero*, e da que había que saír con sacrificios.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* catorce (14) do PP.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* sete (7), sendo catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e unha do PGD.

En consecuencia, **aprobose a proposta da Alcaldía na que expón que:**

Segundo establece o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

O límite de gasto non financeiro excluírá as transferencia vinculadas ós sistemas de financiación das Comunidades Autónomas e Corporacións locais.

Existen dúas formas de realizar o seu cálculo. Unha vez realizados os cálculos polas dúas fórmulas deberá adoptarse o importe máis baixo dos mesmos. Así, a primeira opción calcula o límite é a partir da regra de gasto, dando unha contía de 11.632.584,80 €; coa segunda trátase de calcular o límite a partir dos cálculos da estabilidade, dando unha contía de 12.392.230,11 €.

En función desas dúas cifras, **o Pleno da Corporación, acordou:**

**Aprobar como Límite de Gasto non Financeiro para o ano 2013 por contía de 11.632.584,80 €.**



## **6.- EXPEDIENTE DOS ORZAMENTOS XERAIS PARA O ANO 2013.**

A Presidencia deu conta deste expediente. De seguido o *Sr. Secretario* leou o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 29 de novembro de 2012.

Polo grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González**, voceiro do grupo popular, espuxo o expediente, agradecendo en primeiro lugar a disposición dos voceiros da oposición política para cambiar a data da sesión que correspondía co mes pasado, e falou primeiro.

Indicou que coas contas que se presentaban se quería cumprir a Lei de 2012 de Estabilidade orzamentaria, e coa regra de gasto recollida na mesma, normas que tiñan como obxectivo a redución da débeda brutal do sector público. Por iso había un teito de gasto, unha regra de gasto e unha liquidación positiva, co fin de que non se gaste máis do que se ingresa realmente. Isto supón un xiro na forma de administrar que había ata agora. A redución de gasto implica para Lalín unha diminución dun millón de euros menos, quedando como investimento só o do Pazo de Liñares. Pasaría de 4,4% ao 3,9% con superávit. É fundamental reducir a débeda e por aí ían os tiros. As liñas mestras supoñen reducir o gasto do 10,2% ao 7,4%.

Reiterou que había redución nas transferencias de capital, quedando só o Pazo de Liñares e a obra de acondicionamento da praia de Vilatuxe como investimentos.

Entendía que o labor da oposición era a de opoñerse e que sempre a oposición pedía máis gasto a realizar, pero ao mesmo tempo reclamaba que non se suban os impostos e mesmo que se baixen. A solución era, pois, ter máis recursos e xestionalos mellor.

Se se fixera unha comparativa sobre a presión fiscal dos concellos de Galicia, veríamos que Lalín estaba na media baixa da táboa, traendo a colación un artigo de prensa de hoxe.

Doutra banda quixo destacar que Lalín non se acolleu ao chamado *Plan Montoro* que buscaba solicitar financiamento para pagar a provedores acreedores, porque non estaba nesa situación de necesidade.

Por todo isto era xusto dicir que non había triunfalismo, pero tampouco que a situación económica era tan mala como se quería resaltar pola oposición.

Había outro dato ademais que era importante: Lalín era un dos poucos concellos que tramitaba e aprobaba os seus orzamentos en tempo e forma, contando ademais cunha presión fiscal baixa. Rematou felicitando por este documento dos orzamentos ao Concelleiro Delegado de Facenda e ao equipo económico pola elaboración deste documento que agora se debatía.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** indicou que para elaborar este documento orzamentario e o seu contido non facía falta falar tanto. Daba a impresión de que se falaba do mellor Concello neste momento, cando non era así.

Non estaba en consonancia coas verbas do voceiro popular sobre legalidade nin sobre os criterios empregados. Era importante e non se dixo que había corenta millóns de euros de débeda que se pagarían do Lalín Arena nos anos que faltaban de concesión e este ano pagaríanse uns setecentos mil euros. Había que buscar as causas destas cifras. Unha dela foi que se gastaron en obras faraónicas. Por esta causa non había investimentos a acometer este ano e por iso eran "*cicateros*".

En segundo lugar, eran uns orzamentos "*inxustos*", xa que pagarían máis os máis necesitados, os parados, os xoves e os que menos teñen e daríanse en consecuencia menos servizos que outros anos tiveron, porque os cartos desas obras faraónicas puideron ir a outros fins.

Criticou as verbas do Sr. Alcalde aparecidas na prensa destes días de que non coñecía ningún desafuzamento en Lalín. A realidade era ben distinta.

Eran tamén uns orzamentos "*asociais*", porque había baixas nas partidas importantes, por exemplo na dos dependentes a pesar de que estes aumentan, e diminúase o seu montante. Deixábase sen atender a moitos colectivos. A partida de dependentes pasaba de 125000 € a 75.000 €.

En canto aos ingresos, repetiu que o IBI subiu considerablemente este ano. E as verbas do voceiro popular sobre este asunto non eran correctas. Eles xa advertiron desta suba que era do

35 %, salientando que as casas caras debían pagar máis cos pisos, salientando que, por exemplo unha casa dun valor catastral de trescentos cincuenta mil euros no rural pagaba menos cun piso no casco de Lalín.

Coa política municipal beneficiábanse pois os grandes palacetes e as casonas en prexuízo dos donos de vivendas en Lalín.

Tamén puxo como exemplo que en multas recadáronse máis de noventa mil euros por ano e este ano serían menos.

O que sucedía coa piscina municipal nova non tiña nome. Estaba a perder clientela, referíndose a un club que se foi a adestrar ao Concello de A Estrada. Doutra banda prevíase recadar menos cartos ca antes.

O gasto asistencial seguía a baixar, o que era de vergoña.

No Lalín Arena o gasto a destacar era o do resto do contrato, case corenta anos, gasto que chegaría este ano a 700.000 € e será insostible.

Lembrou que houbo iniciativas nas que Lalín foi pioneira como *A Foliada e a Algarabía* que non se potenciaron, e outras cuestións si que se mantiñan.

Non había ningunha partida que permita facer algo. En comercio local non había nada dotado, só a Cabalgata de Reis.

Coidaba que había que acometer iniciativas e levar a cabo un Plan de Emprego efectivo, porque os parados pagaban os impostos coma os demais.

O Pazo de Liñares era a única inversión recollida e botaba de menos as indemnizacións que haberá que pagar polo parking Europa, que aínda non estaban. Do destino da vella piscina non se sabe nada aínda. Preguntou: *¿Que se vai facer con ela?, ¿vaise facer algunha actividade de mantemento?*

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, afirmou que todo isto era unha baixada, unha renuncia das entidades locais a elaborar uns orzamentos para afrontar a situación de crise e unha claudicación fronte ao Estado, non só no fondo senón nas formas.

Ignorábase o resultado que deu o chamado *Plan Emtra* e como foi todo o plan, os seus efectos, os acertos; o mesmo podíase dicir cos plans de aforro enerxético, coas luces de alumeadado público que se aprobaron en varios expedientes aquí no Pleno. Non había nada positivo que reseñar.

Daba a imprevisión de que as contas arroxaban un superávit. Pero había que considerar que existía unha suba espectacular do IBI, algo que o seu grupo xa o dixo no ano 2004 cando entraron en vigor os valores catastrais da ponencia de valores e que é o tipo de gravame do dito tributo foi ó alza desde entón. Agora a suba do IBI volve a ser un espectáculo. Dubidaba que este incremento de ingresos municipais fose a servir para pagar as débedas municipais.

Investimento para todos non hai, era certo, pero os criterios empregados son ficticios.

O Lalín Arena era outro gasto importante. O resto de gasto en obras e en servizos apenas se notaban. As inversións son escasísimas. “Pero que máis daba, non pasaba nada”, indicou. Por elo, podíase afirmar que o orzamento en debate era inmoral e dañino tanto para o rural como para o urbano.

Coidaba que había que esixir ao Estado máis recursos e exercer menos presión fiscal sobre os cidadáns, e sobre todo que no reparto dos fondos estatais se teñan en conta varios criterios que non se empregan como son a dispersión da poboación que hai en Galicia, a súa extensión en quilómetros cadrados en relación coa poboación, e o envellecemento dos seus habitantes.

En todo caso o que palpaba era un fracaso das políticas de emprego estatais e municipais. Non había resultados produtivos que contar. O Polígono Lalín 2000 estaba baleiro, e o aforro de luz foi un gasto que non serviu de nada, porque seguía a subir a facturación do alumeadado público.

Tamén había que destacar que os gastos sociais neste orzamento desaparecían ou se reducían, como sucedía co gasto na dependencia, o cal se reducía, cando en realidade tiña que haber máis gasto porque había máis persoas atendendo e máis medios para axudar.

A suba do IBI evidenciaba tamén a suba que había neste imposto. Lembrou que o seu grupo presentou iniciativas advertindo desta situación, e que a proba disto eran os elevados tipos de gravame que saían, e que permitían aos bancos e ás inmobiliarias utilízalos nas súas actividades. Por elo os orzamentos eran “*rácanos e pobres*”. No tema do parking reiterou que non estaban contempladas as indemnizacións que habería polo peche durante tanto tempo, a redución de

prazas de garaxe e as obras feitas.

O IBI non era un imposto xusto, porque os valores patrimoniais non eran os correctos, e pagaban mais algúns donos de fincas ou pisos con valores sobredimensionados sobre outros que tiñan fincas e inmobles de moito máis valor.

Diante desta situación, os comerciantes se non suben o prezo quebran, porque non gañan, e se manteñen ou baixan o prezo, perden. A situación era difícil.

Coidaba que nesta situación había que reflexionar e remodelar os estados de gastos, e había que actuar con lóxica e coherencia sobre todo. Non se podía actuar noutros campos sen ter cubertos outros servizos básicos como eran os gastos sociais.

Concluíu pedindo estudar as prioridades e os gastos a realizar, que o grupo de goberno reflexione.

Por alusións, **D. Manuel Gómez Estévez** dixo que faltaba unha partida no documento presentado que era o da perrera municipal.

Entón falou tamén o Sr. Alcalde-Presidente. **D. Xosé Crespo Iglesias** quen afirmou que había un acordo entre os alcaldes da provincia de Pontevedra para empregar as instalacións que había en Meis, para este servizo, sendo a empresa Tragsa a encargada disto. En canto aos gastos de funcionamento previstos, estes serían duns 6.500 euros/ano para o Concello de Lalín. Era certo que había algunha perrera á que hoxe se enviaban os cans, como era a de O Carballiño, pero esta non funcionaba, e era mellor que se prestase o servizo a nivel provincial. Tratábase de buscar solución a este problema e sempre ao menor custo posible.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** empezou preguntando polo custo deste servizo e polos outros animais e especies carroñeras que antes limpaban os campos de restos de animais. O momento económico era difícil e pediu que houbera investimentos que axuden a recuperar a situación económica.

De novo **D. Manuel Gómez Estévez** explicou que o orzamento era unha previsión equilibrada de ingresos e de gastos.

A redución contemplada agora no documento orzamentario dun millón de euros sobre o documento anterior compensábase coa amortización de varias prazas previstas noutros anos e non cubertas e con mellores condicións nos préstamos concertados vixentes. Había unha diminución dos intereses a satisfacer e tamén nos pasivos financeiros. Habería un aforro importante.

As prazas amortizadas previstas eran a de arquitecto e as de dous operarios que se xubilaron. Compría sinalar que non había este ano Obradoiro de Emprego, polo que se gastaría menos. A partida de dependentes disminuía, e tamén se reducía o gasto previsto para as bicicletas. A piscina nova xeraba aforro en comparación coa vella, porque os gastos de mantemento que esta tiña agora eran inferiores.

Sobre os ingresos do IBI indicou que o incremento aludido non era tal porque recollían, ademais da suba do goberno central no tipo de gravame, as altas de novas edificacións. Sobre os préstamos aludidos deu unha cifra como o custo que realmente pagou o Concello pola obra do edificio.

Por alusións o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que se trataba de xestionar e de conseguir cousas, aludindo a outros investimentos de maior importancia en Galicia. Destacou que o mérito do grupo de goberno era a xestión, o feito de conseguir cousas para Lalín, algo que ninguén llo podía quitar. Afirmou que na obra de construción do novo Concello, Lalín pagou unha cifra mínima polo edificio, conseguíndose o resto a traveso de axudas e subvencións.

Tamén por alusións o edil **D. Manuel Gómez Estévez** dixo que en servizos sociais se atenderon a todos os que demandaron o servizo. Sobre os plans de aforro e a reflexión que reclamou **D. Camilo Conde López**, afirmou que se contaba co gasto previsto. O debate do IBI non era completo porque había palacetes en zona urbana e no rural non había tantos palacetes. En

canto aos gastos previstos para dependentes, estes non tiñan en conta gastos de mantemento. Ao BNG díxolle que non eran rácanos, senón axustados ao que hai e aos recursos reais que se van recadar; por iso eran serios.

De novo no uso da palabra, **D. Manuel González Aller** dixo que se trataba de poñer cifras ao debate. Os dependentes pasaron de contar con 125.000 € a 70.000 €, unha redución importante que non se xustificaba. O mesmo pasaba cos gastos destinados a aforro enerxético, e ao final de ano se verá o que se gastou neste area.

Non había plans de obras para a zona rural e seguía consignándose cartos para Feiradeza. Non había pois outros gastos para infraestruturas.

Os comercios que van pechar podían ter algunha axuda para evitar que desaparezan.

Finalmente lembrou que un club de natación abandonaba a piscina municipal nova e ía a adestrar ao Concello de A Estrada.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** destacou que o importante nestes intres era conseguir cartos doutras administracións para poder metelos nas áreas que se necesitaban. Isto do que alardeaba o grupo de goberno sempre, non pasaba nesta ocasión. Por iso, porque non había nada que destacar nin se recibían axudas doutras entidades, eran uns orzamentos “rácanos” que non conducían a nada.

Tamén **D. Camilo Conde López** reclamou que houbera máis partidas orzamentarias para os sectores necesitados como era a industria. O sector agrario precisaba igualmente o apoio e determinación de todos, sobre todo no eido da transformación dalgúns recursos agrogandeiros e tamén para elaborar os produtos propios da comarca, como podían ser os queixos.

Polo grupo popular o seu voceiro **D. Román Rodríguez González** sinalou outra vez que a estratexia da oposición era reclamar ao goberno municipal máis gastos e pola contra diminuír a carga impositiva. Con este sistema era imposible reducir a débeda existente. A política era un medio para conseguir outros fins e o goberno municipal dedicaba os recursos aos fins que consideraba.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** volveu falar para mencionar as actuacións municipais que se levan a cabo desde o Concello e que segundo el, a oposición non alude. En concreto fixo mención a moitas actuacións culturais, ó fomento do comercio e ás actividades culturais que se levaban a cabo en grande parte coincidindo coa Feira do Cocido, ou neste caso con programa Depodeza. Tamén sucedía que no Lalín Arena se celebraban moitos eventos culturais e sociais que contribuían a mellorar o sector da hostalería de Lalín.

Nos vindeiros cinco anos o Concello terá que afrontar os gastos de manter os servizos xerais con iguais ou menos ingresos, e iso era un reto.

Rematado o debate, someteuse a votación ordinaria a **emenda verbal proposta** co seguinte resultado:

*Votos a favor:* dezasete (17) sendo catorce do PP, dous do BNG e un do PGD.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* catro (4) do PSdeG-PSOE.

En consecuencia **aprobouse a Emenda** de grupo popular que inclúe a habilitación dunha partida de gastos 179.461.01 por importe de 6.500 € financiadas con cargo ás partidas dos capítulo 1 e 9 polo mesmo importe.

De seguido, pasouse á votación ordinaria do expediente, mediante o sistema de man alzada co seguinte resultado:

*Votos a favor:* catorce (14) do PP.

*Votos en contra:* seis (6), sendo catro do PSdeG-PSOE e dous do BNG.

*Abstencións:* unha (1) do PGD.

Xa que logo, aprobouse o expediente e inclúe a proposta e a emenda incorporada xa do grupo de goberno, co seguinte tenor:

De conformidade co previsto no artigo 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 18 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, que indican a documentación que debe incluír o expediente dos Orzamentos Xerais para o exercicio de 2013, cos anexos e documentación complementaria esixida polas previsións legais vixentes aplicables nesta materia.

Visto o expediente, os acordos adoptados e os documentos que forman parte do mesmo.

Con base nos antecedentes expostos, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

1- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Lalín, para o exercicio 2013, comprensivo do orzamento da propia entidade cun superávit de ingresos sobre gastos de 428.082,44 €, sendo o montante de ingresos dun total de 12.953.005,67 €, e o de gastos de 12.524.923,23 € e do presuposto do Organismo Autónomo "Padroado Cultural de Lalín", cun superávit de ingresos sobre os gastos de 28.000 € e ascendendo os ingresos a 483.000 € e os gastos 455.000 €.

2.- Aprobar o cadro do persoal funcionario, a relación de postos de traballo e o cadro do persoal laboral do Concello de Lalín.

3.- Expoñer ao público polo prazo de quince días, inseríndose anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para que durante o mesmo poida ser examinado e presentar alegacións ou reclamacións.

## **7.- COMPARECENCIA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA EN RELACIÓN CO PROXECTO LALIN-LAB.**

Deuse conta pola Presidencia desta comparecencia acordada por unanimidade na sesión plenaria anterior á solicitude do grupo municipal socialista en moción de data 17 de outubro de 2012, con entrada municipal o mesmo día e número de rexistro 6508.

Tal e como estaba acordado **D. Xosé Crespo Iglesias** compareceu e empezou a falar sobre este expediente. Dixo que do *Lalínlab* constaba nas dependencias municipais un anteproxecto que afectaba e incidía nos sectores produtivos de Lalín. O nome de *Lalínlab* tomouno doutros lugares, porque en Lalín non se creou. Así lembrou que en Barcelona e en Cornellá había programas similares con este nome, aludindo con elo a un laboratorio de ideas e de investigación.

O obxectivo deste documento era fomentar e impulsar aquelas ideas e programas que contribúan a incentivar os recursos de Lalín de toda clase. En concreto referiuse á posibilidade de que xurda unha nova clase de porco celta, que se chamaría "*porco lalaíno*", que se reproduza e se críe con cruces xenéticos a efectuar na finca Mouriscade con variedades adaptadas a Lalín.

O anteproxecto ou o estudo custou 15.000 euros. Neste documento recollíanse as visitas, as reunións celebradas e algúns traballos feitos sobre este tema. O proxecto era un tema de interese municipal e non entendía por qué a oposición se enfadaba cando o goberno acometía esta clase de iniciativas. De todos os xeitos indicou que non lle estrañaba esta postura, aludindo a que esta mesma actuación tivo lugar coa construción da primitiva piscina municipal, na que algúns edís do grupo socialista se opuxo e logo a utilizabas como calquera usuario.

En resumo este anteproxecto tivo custos uns mínimos para o que se espera conseguir del, e da rendibilidade que se espera obter das ideas e dos proxectos e programas que saian do mesmo.

Sendo as 13:37 horas ausentouse da sesión D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias, quedando o grupo municipal socialista con tres e os restos con 14, 2 e 1, e o número total de asistentes en vinte.

**D. Manuel María González Aller**, formulou as seguintes preguntas:

PRIMEIRA.-¿Inclúe o programa Lalín Lab clases de guitarra?

SEGUNDA.-¿Parécelle razoable gastar 15.000 € nun documento de corenta follas que se chama *Lalinlab*?

TERCEIRA.-¿Fíxose algo das ideas deste documento do *Lalinlab* nos últimos tres anos?

De seguido **D. Xosé Crespo Iglesias** volveu falar e a responder ás preguntas indicadas, do seguinte xeito:

Á primeira pregunta formulada de se vai haber clases de guitarra, contestou que, se estaba nas determinacións do proxecto, si que as habería. De todos os xeitos o *Lalinlab* era un plan aberto, un anteprojecto para traballar sobre el.

Á segunda pregunta feita, respondeu afirmando que non lle parecía excesivo o custo, porque o anteprojecto, o traballo presentado, era o froito de varias reunións con edís delegados, con sectores afectados e con agrupacións de artistas, e loxicamente este tempo máis os desprazamentos darían lugar a dietas que había que pagar. O importe abonado recolle todo isto. Reiterou que o traballo feito era positivo, tendo en conta que a rendibilidade do mesmo se verá máis adiante, e non dun xeito inmediato.

Á terceira pregunta contestou pedíndolle ao edil da oposición que espere a tres anos e deixe a que acabe este mandato ou lexislatura, xa que el o levaba no programa e cumprirano.

De novo **D. Manuel María González Aller** fixo a seguinte pregunta:

CUARTA.-¿Que foi antes o programa Depodeza ou *Lalinlab*?

Respondeu **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que cando remate o programa Depodeza, seguiría o *Lalinlab*, con ideas como o ensaio xenético do porco celta, tamén no Pazo de Liñares se establecería un laboratorio de ideas co centro de documento e arqueoloxía.

A solicitude de **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** sobre se podían ter unha copia do dito documento, **D. Xosé Crespo Iglesias** respondeu que si, que non había problema e mandaríalles unha copia do dito anteprojecto.

## **8.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS PSDEG-PSOE, BNG E PGD RELATIVA Á ADOPTCIÓN DE MEDIDAS EN CONTRA DOS DESAFIUZAMENTOS DAS FAMILIAS EN SITUACIÓN DE INSOLVENCIA SOBREVIDA E INVOLUNTARIA.-**

Deuse conta pola Presidencia desta moción conxunta dos grupos políticos municipais PSdeG-PSOE, BNG e PGD, de data 14 de novembro de 2012, con entrada municipal o día 16 de novembro de 2012 e número de rexistro 7071. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 29 de novembro de 2012.

Por unanimidade dos asistentes acordouse celebrar este debate conxuntamente coa moción do BNG sobre este mesmo asunto.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** leou a parte dispositiva da moción propia e tamén a da moción conxunta. A situación económica era grave e compría adoptar medidas encamiñadas a efectuar reformas económicas para que volva á senda do crecemento. As medidas xa adoptadas non eran suficientes, e por iso resultaba imprescindible modificar a lei hipotecaria para defender os dereitos dos usuarios fronte aos bancos.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** coincidía tamén en que a solución dos problemas dos desafiuzamentos esixía cambiar a lei hipotecaria, xa que non se daban pasos eficaces nesta situación. O momento que se vivía era sangrante para algúns sectores sociais desfavorecidos, que quedaban sen un dereito fundamental como era o da vivenda. Fronte a isto, os poderes do Estado non facían nada e por iso apoiou o seu grupo a moción, para esixir eses cambios. Leou de seguido a parte dispositiva da moción do seu grupo.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** dixo estar de acordo coa moción, tanto a do grupo nacionalista como a conxunta. A primeira era máis detallada. Coidaba que tanto o decreto coma as medidas xa adoptadas non eran suficientes para abordar a situación. No decreto sobre a dación en pago non bastaba para corrixir a situación. Lembrou que se leva xa máis de tres anos con este tema. Había que protexer e defender aos veciños das entidades financeiras.

Polo PP, **D. Román Rodríguez González**, manifestou que este era un problema complexo e grave. O goberno levaba varios anos detrás deste tema, de corrixir as contas. Tentouse regular coa chamada dación en pago, e cun código de boas prácticas, que non deu moitos resultados, pero que serviu para negociar.

Agora, o Real Decreto Lei aprobado polo *Consejo de Ministros* concedía dous anos de mora para as execucións hipotecarias. O prazo era un fin e resultaba positivo, e tomaron algúns datos.

Tamén o goberno e algúns gobernos autonómicos crearon un fondo social de vivendas, para permitir ás familias desafiuzadas seguir ou contar con unha vivenda con alugueres baixos. O importante diante de todas estas medidas propostas era a seguridade xurídica que había que garantir por enriba de todo para o mercado financeiro; se non fose así, non habería tráfico xurídico. O modelo da lei concursal e da lei hipotecaria había que modificalo substancialmente.

O BNG sempre defendeu o mesmo neste tema; pero sucedía que o PSOE, non. Lembrou que no ano 2010 o PP presentou unha proposición de lei no Congreso dos Deputados para cambiar a lei hipotecaria, e o PSOE opúxose. A actuación do PSOE non foi correcta politicamente.

Tampouco era de recibo o comportamento dalgúns alcaldes socialistas como era o de Vigo que anunciaba que non ía enviar a Policía Municipal para executar os desafiuzamentos, algo que non se podía evitar. Tampouco estaba ben a proposta de sacar diñeiro e pechar as contas bancarias daquelas entidades financeiras que executen desafiuzamentos ou execución de préstamos impagados.

Diante desta situación o PP aceptaba e se adheriu ao acordo da FEGAMP sobre este tema, coas condicións e determinacións que no mesmo figuran.

Finalmente indicou que o Concello tiña os servizos sociais e a OMIC a disposición dos usuarios para prestar os servizos que poida na medida das súas posibilidades e estaba atento a este tema dos desafiuzamentos.

*Neste intre ausentouse temporalmente da sesión D. Manuel María González Aller, quedando o grupo municipal socialista con tres concelleiros, e o número total de asistentes en dezanove.*

*Sendo as 14:20 horas abandonaron a sesión os concelleiros do PSdeG-PSOE, D. J.A Cristóbal Fernández Vázquez, D. Francisco Pérez Donsión, quedando o total de asistentes en dezasete concelleiros sendo catorce do PP, dous do BNG e un do PGD.*

*O abandono da sesión, por petición expresa, debeuse á desconformidade coas verbas pronunciadas neste asunto polo voceiro popular, D. Román Rodríguez González e en desconformidade coas mesmas.*

De novo **D. Camilo Conde López** volveu a dicir o xa dito, pero a maiores insistiu en que por exemplo os créditos tóxicos, os que non se ían cobrar, os bancos ían transferilos ao chamado

Banco malo que se ía crear estes días a un prezo do 38 % do seu valor. Pola contra había casos en que pagando unha parte importante da súa débeda os veciños se quedaban sen a súa vivenda, perdían o que pagaron e aínda quedaban debendo. Non estaba ben a situación da economía e había que corrixila. Por iso había que apoiar a moción.

Tamén ratificouse no xa dito **D. Xesús Cordeiro Budiño**, que salientou estaba indignado pola conduta do PP que neste Pleno actuaba defensivamente con efecto boomerang. En vez de apoiar, criticábaa aludindo a unha medida similar proposta en Madrid. En realidade toda as verbas do voceiro popular obedecían a consignar do seu propio apartado para non apoiar a moción. De todos os xeitos indicou que a situación e as medidas propostas polos grupos da oposición darán que falar durante moito tempo desde agora e no futuro.

Tamén **D. Román Rodríguez González** dixo que a postura do PP neste tema foi sempre a mesma, ao contrario que fixo o PSOE que se opuxo, e se ben o BNG tamén apoio á mesma. Volveu insistir en que había que tomar como punto de partida o acordo da FEGAMP e utilizar as oficinas municipais para dar un servizo de asesoramento e atender ás persoas necesitadas.

Rematou o debate o Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicando en relación coas verbas aparecidas na prensa no sentido que non había en Lalín eses desafuzamentos dos que se falaba nestes días nos medios de comunicación. En concreto preguntou aos directores dos bancos de Lalín se había algunha execución á vista neste trimestre do ano, e dixéronlle que non, referíndose a eses desafuzamentos forzosos e tan violentos que se vía pola televisión. Recordou que había unha persoa en Servizos Sociais para atender ás persoas afectadas por esta situación e tamén se contaba coa OIMC para asesorar aos interesados.

*Neste intre incorporouse de novo á sesión D. Manuel María González Aller, quedando o número total de asistentes en dezaoito, sendo un do grupo municipal socialista , catorce do PP, dous do BNG e un do PGD.*

*Na moción pedíase que o Pleno Municipal adopte os seguintes ACORDOS:*

- *Solicitar ao Goberno de España que aprobe unha modificación da regulación hipotecaria que inclúa a figura da dación en pago, de maneira que, nos casos de vivenda habitual, se o banco executa a hipoteca e se queda coa vivenda, a totalidade da débeda (hipoteca, intereses e costas xudiciais) quede liquidada.*
- *Instar ao Goberno de España a aprobar unha moratoria ou implementar as medidas necesarias para paralizar os desafuzamentos das familias en situación de insolvencia sobrevida e involuntaria. Para os milleiros de desafuzamentos xa producidos, que se aproben con carácter de urxencia medidas necesarias destinadas a que milleiros de vivendas baleiras que están a acumular as entidades financeiras como consecuencia deses embargos, sexan postos inmediatamente a disposición das familias desafuzadas e sen recursos en réxime de aluguer social, non superando nunca o 30% da renda familiar dispoñible.*
- *Máis alá das medidas de competencia estatal, o Concello de Lalín comprométese a cancelar todas as contas bancarias de titularidade municipal en entidades que executen un só desafuzamento no termo municipal, a poñer a disposición dos afectados por execucións hipotecarias os servizos xurídicos municipais, a non autorizar a presenza da Policía Local en ningún acto de desaloxo por desafuzamento e a garantir o realoxo digno das familias afectadas.*
- *Dar traslado destes acordos ao Consello de Ministros, en especial ao Ministerio de Xustiza e ao Ministerio de Economía, así como aos grupos parlamentarios no Congreso e no Senado, os do Parlamento de Galicia e a FEGAMP e a FEMP.*

Sometida a votación ordinaria a moción en votación ordinaria a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* catro (4), sendo un do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

*Votos en contra:* catorce (14) do PP.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

## **9.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE RELATIVA Ó REXEITAMENTO DO PROXECTO DA LEI DE TAXAS XUDICIAIS.**



Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal socialista de data 9 de novembro de 2012, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 6943. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadá do día 29 de novembro de 2012.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** espuxo que a entrada en vigor da lei que modifica as taxas xudiciais na administración de xustiza supón un empeoramento do acceso á xustiza en xeral. O fin que persegue é que só poidan acudir á mesma as persoas con recursos económicos, e deixar fóra da mesma aos sectores máis necesitados e con menos recursos. Era un paso máis que se daba para desbaratar o Estado de Benestar e establecer na sociedade de dúas clases de persoas: os ricos e os pobres. Así, por exemplo, para poder recorrer sancións, multas, despidos, se establecen unhas taxas elevadísimas que farán que a xente desista e que non acuda a pedir xustiza. Por iso había que apoiar a moción e pedir que se rexeite e derroque esta reforma xudicial e permita que todos os cidadáns ricos e pobres poidan ter dereito á xustiza como un servizo necesario.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** sinalou que apoiaba a moción porque estaba de acordo co que se pedía na mesma.

Polo PGD **D. Camilo Conde López**, no mesmo sentido, afirmou que apoiaba a moción para conseguir unha igualdade na medida do posible, que afasta a reforma xudicial aprobada.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** sinalou que non apoiarán a moción. Ata agora a xustiza era gratuíta e seguiría sendo gratuíta para os que carezan de recursos económicos. Coa norma aprobada seguirían exentos de pagar as taxas xudiciais nos xuízos e procesos penais e tamén os colectivos que teñan dereito á xustiza gratuíta. A finalidade da reforma xudicial era dobre: dunha banda equipararse a Europa. A este respecto lembrou que a media das taxas xudiciais que se pagaba en Europa era sobre un 10 % da contía dos preitos e en Alemaña nalgúns casos chegaba ata o 30 %; e doutra banda queríase coa reforma disuadir aos potenciais litigantes para que non acudan con tanta facilidade aos órganos xudiciais, sobrecargados xa de traballo. A finalidade da reforma xudicial non era pois recadar cartos como se quería dar a entender, senón que a xustiza mellore e se equipare coa dos países europeos.

Por alusións, o concelleiro nacionalista, **D. Xesús Cordeiro Budiño** criticou as verbas do voceiro popular, xa que entendía que cando se equiparaban as medidas do goberno central adoptadas con outras similares que había en Alemaña ou con noutros países de Europa, algunha vez debía facer tamén unha equiparación dos salarios que había aquí e en Europa. De non facelo, non tiña sentido esas referencias.

*Na moción pedíase que o Pleno Municipal acorde o rexeitamento do Proxecto de Lei das Taxas Xudiciais por vulnerar os dereitos fundamentais, da tutela xudicial efectiva e o principio de igualdade dos cidadáns ante a lei. Dar traslado deste acordo para a súa toma en consideración ao Goberno de España, e aos grupos políticos do Congreso e do Senado.*

Sometida a votación ordinaria a moción en votación ordinaria a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* catro (4) sendo un do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

*Votos en contra:* catorce (14) do PP.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

## **10.- MOCIÓNS DO BNG.**

### **10.1- MOCIÓN DO BNG DE APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS DAS ORGANIZACIÓNS AGRARIAS E Á FOLGA DE ENTREGAS DE LEITE DO 27 DE NOVEMBRO POLA GRAVE SITUACIÓN DO SECTOR LÁCTEO GALEGO.**

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal do BNG de data 19 de novembro de 2012, con entrada municipal o día 20 de novembro e número de rexistro 7137. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 29 de novembro de 2012.

Tamén desde a formación nacionalista **D. Xesús Cordeiro Budiño** defendeu a moción. Indicou que este sector agrogandeiro galego estaba un estado calamitoso, e que tiña un difícil “*arreglo político*” porque non había vontade política para elo. Lembrou que Lalín era o primeiro concello en produción leiteira de Galicia. O prezo que pagaban as industrias transformadoras aos gandeiros estaba sobre 28-29 céntimos de euro por litro por leite, o prezo máis barato de España e aínda menor co quilo de pienso ou de cereal que é alimento das vacas. Isto non era lóxico nin xusto, porque levaba á bancarrota ás explotacións gandeiras. Por iso había que apoiar a loita das organizacións agrarias e gandeiras e neste caso acudir ás mobilizacións. Por iso había que conseguir un Decreto que establecese un prezo de 42 céntimos de euro por litro de leite.

Así mesmo aproveitou para indicar que a falta de vontade do executivo galego para apoiar e potenciar o sector agrario se vía neste e en moitos outros aspectos como ocorría na paralización da construción do edificio da sede agraria en Lalín e na redución de persoal, poñendo como exemplo disto último á redución proxectada de persoal na oficina existentes da Consellería de Agricultura e do Mar en Lalín.

En suma, a actitude do goberno da Xunta e Galicia era un canto á galería, unha fotografía, e por iso había que mobilizarse contra ela e contra os que afogaban este sector básico para Galicia.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** dixo que por coherencia tiña que apoiar e incentivar a mobilización para apoiar a este sector tan importante para Galicia, fronte ao sector das empresas transformadoras e distribuidoras. Para Lalín era importante contar con este sector.

Brevemente o voceiro socialista **D. Manuel María González Aller** explicou que efectivamente este sector era o mais importante de Lalín e apoiar a moción era de xustiza.

O Sr. edil delegado de gandería **D. Manuel Fernández López**, expuxo a posición do goberno municipal. Fixo historia da xuntanza dos Alcaldes sobre este tema e dos motivos da súa posición. Sinalou que houbo unha sesión plenaria extraordinaria a finais do verán, e con elo logo entrou en vigor un contrato.

Hai dous mais similares.

As mobilización durarán varios días. Os que teñan medios e instalacións como pasto, silos e outras instalacións, non estaban tan afectados coma os que carecían delo e tiñan que comprar todo ao alimento dos animais.

“*Os contratos queremos nós*”, dixo. Esta é a intención dos gandeiros porque lles favorece.

Fixo a continuación un relato pormenorizado dos últimos acontecementos no sector. Así, dixo que houbo unha reunión do Ministro coa Consellería e os tres sindicatos agrarios en A Coruña o 23-11-2012; logo o día 26 do mesmo mes celebrouse outra reunión en Santiago coas industrias de distribución, transformación, a administración e os sindicatos agrarias presentes, un feito histórico que nunca tivo lugar, xa que por primeira vez se xuntaron todos os sectores afectados por este problema, para conseguir que se suba eses 3-4 céntimos de euro por litro aos gandeiros.

O día 28 de novembro tivo lugar outra reunión na Consellería do Medio Rural e do Mar, en Santiago, quedando sobre a compra xa un acordo, pero sen nada definitivo, un acordo verbal entre as partes que esperamos que se respecte e todo vaia ben, plasmándose logo nun documento. Por iso diante deste acordo non escrito, pero celebrado entre todos os sectores

afectados, non procedía xa a folga de entrega de leite nin as mobilizacións.

De novo **D. Camilo Conde López** dixo que o acordo foi positivo, pero que iso non impedía abordar o problema.

Seguiu a falar o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicando que houbo unha asistencia dos Alcaldes ás mobilizacións e á manifestación que houbo en Lalín. En concreto el asistiu persoalmente porque llo pediron os sindicatos agrarios. Logo houbo outras reunións cos interesados.

A este respecto indicou que o Sr. **Núñez Feijoo** estaba moi preocupado por este tema, e proba dielo era que a primeira xuntanza que tivo, tras ser investido Presidente da Xunta de Galicia, foi para abordar este tema.

*Na moción pedíase que o Pleno Municipal: 1.-Inste á Xunta de Galicia a impulsar un marco galego de relacións entre os diversos operadores do sector lácteo coa finalidade de procurar medidas e políticas que fagan fronte á situación das explotacións leiteiras, asumindo a súa defensa diante do Estado.2.-Inste á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o establecemento dunha moratoria na aplicación do Decreto 1363/2012 ata que existan medidas que garantan prezos mínimos xustos e cubran os custos de produción dos gandeiros e gandeiras galegas.3.- Apoiar as mobilizacións das organizacións agrarias galegas que reivindicán medidas contra a grave situación do sector lácteo e que se inician o 27 de novembro coa folga de entregas de leite.*

Sometida a votación ordinaria a moción en votación ordinaria a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: catro (4), sendo un do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.*

*Votos en contra: catorce (14) do PP.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

## **10.2- MOCIÓN DO BNG PARA QUE SE MODIFIQUE A LEI HIPOTECARIA E SE ADOPTEN MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS.**

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo político municipal do BNG de data 16 de novembro de 2012, con entrada municipal o mesmo día e número de rexistro 7181. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 29 de novembro de 2012.

O debate desta moción tivo lugar conxuntamente coa presentada sobre este mesmo asunto polos tres grupos políticos municipais PSdeG-PSOE, BNG e PGD, que figura no punto 8.- da orde do día.

*Na moción pedíase que o Pleno Municipal:*

*1.-Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, que teña carácter retroactivo, para dar solución ao grave drama social dos desafiuamentos por impago de hipotecas, adoptando medidas como as seguintes:*

*- Contemplan a dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantindo o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.*

*- Establecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.*

*- Contemplan moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio.*

*- Establecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.*

*- Estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións.*

*- Modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor da taxación.*

*2.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social:*

*Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.*

3.- Instar á Xunta de Galiza á:

- Creación dunha Oficina de Asesoramento para Familias ameazadas polos desafuzamentos.
- Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, esixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.

4.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentarios do Congreso e Parlamento de Galicia.

5.- Instar á Alcaldía á adopción das seguintes medidas:

- Creación dunha Comisión Especial para atender casos de desafuzamentos, composta por responsables dos Servizos Sociais municipais, portavoces municipais e plataformas contra os desafuzamentos. Estudando a posibilidade de axudas ao aluguer, axudas para evitar o corte de subministrados básicos como auga, gas ou luz e axudas á alimentación.
- Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posibles desafuzamentos que afecten a familias do concello, a paralización dos que estean en marcha e a súa colaboración coa Comisión Municipal creada para Casos de Desafuzamento.
- No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello proceder, na medida que sexa posible e non prexudique aos veciños e veciñas, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao Concello.

Sometida a votación ordinaria a moción en votación ordinaria a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catro (4), sendo un do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

## **11.- MOCIÓN DO PGD.**

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo político municipal do PGD de data 20 de novembro de 2012, con entrada municipal o mesmo día e número de rexistro 7136. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 29 de novembro de 2012.

**D. Camilo Conde López** retirou a dita moción.

## **12.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

De xeito escrito:

### **PSdeG-PSOE:**

Rogo formulado polo concelleiro do PSdeG-PSOE *D. J.A.Cristóbal Fernández Vázquez*, cuio contido se transcribe:

#### **1.1.- ROGO.**

“O programa de axudas ó transporte para os universitarios xa á marxe de quedarse bastante curto tanto na contía das axudas como no número de usuarios ós que vai dirixido, presenta un inconveniente claro para as familias dos usuarios: o feito de ter que adiantar o pago do bono de todo o trimestre. Deste xeito, as familias teñen que facer un esforzo económico importante nestes tempos na que a crise afecta a todo o mundo, coa agravante de todos os gastos que para un estudante representa o inicio dun novo curso académico. Non parece de recibo que a familia teña que adiantar o diñeiro de todo un trimestre, e si é moito máis lóxico e xusto que se pague a períodos vencidos ou como mínimo que se fraccione o pago do bono para que como máximo se adiante só a parte correspondente a un mes.

Por todo o exposto fórmulase un ROGO á Alcaldía para que se xestione coa empresa de transporte ou con quen corresponda o pago a mes vencido ou no peor dos caos o pago fraccionado para que as familias non teñan que adiantar o diñeiro nada menos que tres meses como ocorre agora, e que ó mesmo tempo se incremente a aportación do concello para diminuír a carga económica a estas familias.

**O Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

**P.G.D**

D. Camilo Conde López.

1.- **PREGUNTA.-** ¿Temos canastas ou canchas para a practica de baloncesto infantil, con canchas?

**O Sr. Presidente** dixo que respondería por escrito.

1.- **ROGO.-** Pide que se habiliten estas instalacións para que poida ser practicado polos xoves e veciños de Lalín.

**O Sr. Presidente** quedou enterado.

E, sendo as quince horas e tres minutos do mesmo día onde comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace  
O Alcalde-Presidente